



CIRCULAR Nº 13

TEMPADA 2022/23

XXXVI CAMPIONATO GALEGO XUVENIL – CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

DATAS E LOCAL DE XOGO

25 e 26 de marzo de 2023

[Pavillón Campo da Serra, Santa Icia \(Narón\).](#)

PROBAS A DISPUTAR

Sábado, 25 de marzo:

- Individual Masculino.
- Individual Feminino.
- Dobres Masculino.
- Dobres Feminino.
- Dobres Mixto.

Domingo, 26 de marzo:

- Equipos Masculinos:
- Equipos Femininos:

SISTEMA DE XOGO

- Equipos Masculinos: Copa do mundo (mínimo 3 xogadores)
- Equipos Femininos: Corbillón (mínimo 2 xogadoras)

Sempre que o número de equipos o permita, intentarase facer unha 1ª fase por grupos e unha 2ª fase eliminatória.

Nas restantes probas, sempre que o número de inscricións o permita, intentarase facer unha 1ª fase por grupos e unha 2ª fase eliminatória.

INSCRICIÓN

A inscrición será libre para todos aqueles xogadores/as de categoría xuvenil ou inferior con licencia en vigor e tramitada, como mínimo, antes de finalizar o prazo de inscrición do presente campionato.

Todas as inscricións deberán formalizarse mediante o **novo sistema de inscrición** da FGTM (proximamente os delegados de cada club recibirán o enlace para acceder ó mesmo) antes do **14 Marzo de 2023 ás 14:00 h.**

Ó tratarse dun sistema de inscricións novo, recomendamos ós delegados dos clubs, realicen as inscricións cun tempo prudencial de antelación para evitar posibles problemas co mesmo.



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a FGTM enviará a factura correspondente ó total das taxas de inscrición:

- Equipos: 7 €/equipo
- Individuais: 3 €/xogador/a
- Dobres: 3 €/parella.

Prégase ós clubs que non realicen ningún pago ata que non reciban a correspondente factura.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta **Banco Santander ES75 0049 5600 1721 1000 4314**, indicando o número de factura, e enviando o xustificante de ingreso a tesoreria@fgtm.es.

Non se admitirá ningunha inscrición que non realizase o abono da factura nun prazo de 48 h despois de recibida e enviase o correspondente xustificante de pago.

Tal como se especifica na Circular nº 12 – Normativa dos Campionatos Galegos, aquelas inscricións recibidas fóra de prazo ou que non formalizasen o pago dos dereitos de inscrición no prazo indicado, para regularizar a súa situación, deberán aboar o dobre dos dereitos de inscrición arriba indicados. Estas inscricións, se se producen antes da publicación do listado definitivo de inscritos, serán admitidas sempre e cando veñan acompañadas do xustificante de pago. Se se producen despois, quedarán en reserva á espera de posibles baixas na competición.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á [Circular n12 – Normativa dos Campionatos Galegos](#), que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

Vigo, 23 de Febreiro de 2023



Fernando Álvarez
Comité de Actividades FGTM